



**B**

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO,  
ALCALDE  
DO CONCELLO DE PORTO DO SON  
FAI SABER:**

**A**

A tódolos posibles interesados que está aberto o prazo para solicitar a **TARXETA ACREDITATIVA DO GRADO DE DISCAPACIDADE**

É un documento persoal que acredita o recoñecemento do grao de discapacidade recoñecido ao seu titular e serve de documento substitutivo, da resolución pola que se recoñece o devandito grao, e que ten validez en todo o territorio do Estado.

**N**

**Requisitos das persoas solicitantes:**

Persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao trinta e tres por cento.

**D**

- Expedirase de oficio para aquelas persoas cuxa resolución de recoñecemento ou de revisión do grao de discapacidade teña lugar a partir do 5 de agosto de 2016.
- Expedirase por petición expresa das persoas interesadas ou por quen teña a súa representación, nos seguintes supostos:
  - a. As que teñan recoñecido un grao de discapacidade, xa sexa de carácter definitivo ou provisional, igual ou superior ao 33% á data de entrada en vigor da orde (5/08/2016). No caso de ter en curso unha solicitude de revisión do grao de discapacidade, a tarxeta acreditativa expedirase de oficio.
  - b. Nos casos de perda ou substracción.



**O**

As persoas interesada en obter máis información ou tramitar as axudas poden dirixirse ás oficinas municipais de Servizos Sociais ou chamar ao teléfono 981.86.74.14.

**Prazo de presentación: Todo o ano**

Orde do 20 de xullo de 2016 pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención. (DOG nº 147 do 4/08/2016)

Porto do Son, 08 de agosto do 2016

O Alcalde  
  


Asdo) Jose Luis Oujo Pouso